

1. PREPARACIÓN DO SOLO


Antes de tomar a mostra, deberá limparse o lugar onde se tomarán as mostras de herbas, follas e pedras grosas.

2. NÚMERO DE MOSTRAS A TOMAR EN CADA PARCELA

Se nunha mesma parcela existen diferentes zonas debidas á pendente, o aspecto do cultivo ou ó tipo de solo (obsérvanse diferentes tonalidades, texturas, etc), tomaranse como mínimo unha mostra de cada zona distinta, xa que será necesario facer unha análise diferente de cada unha de estas zonas.

3. NÚMERO DE SUBMOSTRAS A TOMAR E DISTRIBUCIÓN


Cada mostra estará formada por unhas 10-20 pequenas submostras en función da súa extensión que se tomarán distribuídas aleatoriamente na parcela (recorrido en zig-zag como indica a figura) de forma que se mostree a parcela completa.



Submostras	Hectáreas
10	<1 ha
15	1-5 ha
20	>5 ha

4. TOMA DE SUBMOSTRAS

Para tomar cada unha das submostras, faise un burato en forma de V (como indica a figura), con axuda dunha pala ou sacho. Unha vez limpas as paredes, córtase dunha delas unha lámina de terra toda ela de igual grosor.



A profundidade do burato, X en cm, dependerá do cultivo de que se trate:

Terreo-Uso do ensaio	Profundidade
Pradeiras e terreos con césped Cultivo para coñecer fertilidade xeral Pradeiras – soia	0-15 cm
Trigo-Millo-Xirasol-Pataca-Horta	0-30 cm
Frutais-Forestais-Viñedo	0-30 cm mantemento 30-60 cm nova plantación